



DATOS IDENTIFICATIVOS

Voice-Over e Tradución de Documentais

Materia	Voice-Over e Tradución de Documentais			
Código	V01M079V01202			
Titulación	Máster Universitario en Tradución Multimedia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Pereira Rodríguez, Ana María			
Profesorado	Cortés Villarroya, Judith Pereira Rodríguez, Ana María Vázquez Fernández, Marta			
Correo-e	pereira@uvigo.es			
Web	http://multitrad.webs.uvigo.es			
Descrición xeral	Esta materia está concibida para que o alumno adquira os coñecementos teórico-prácticos relativos á modalidade de tradución audiovisual coñecida como voces superpostas ou voice over. Para iso presentaranse e analizarán as características principais da modalidade e todo o proceso polo cal pasa o tradutor, facendo especial fincapé nas convencións que debe utilizar e as principais dificultades ás cales se enfronta, relacionadas basicamente co xénero documental e a divulgación científica no medio audiovisual, pero tamén con outros xéneros que tamén apostan por esta modalidade, como son os realities. O alumno ademais deberá ser capaz de defender argumentativamente as traducións que realice.			

Competencias

Código	
B1	1. Recoñecer os modelos teóricos máis apropiados no campo da tradución multimedia.
B4	4. Identificar os contextos culturais implicados, normas e estándares.
B7	7. Xestionar, elaborar e revisar proxectos de tradución multimedia.
B11	11. Aplicar os coñecementos adquiridos e ter capacidade de resolución de problemas.
B12	12. Defender o seu traballo de tradución ante públicos especializados e non especializados.
C3	3. Coñecer en profundidade as institucións, normas e estándares.
C5	5. Coñecer en profundidade os procedementos e técnicas de transvasamento adecuados dos diferentes produtos multimedia e saber xustificar as decisións tomadas.
C53	53. Coñecer en profundidade a historia e evolución do voice over.
C54	54. Coñecer en profundidade as etapas do proceso de voice over
C55	55. Coñecer en profundidade as condicións laborais e convencións do voice over e o seu discurso, e aprender a manexar software de voice over.
C56	56. Coñecer en profundidade os principais problemas do voice over (xerais e específicos) e adquirir práctica nesta modalidade.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecer as bases teóricas sobre as que descansa esta modalidade de transvasamento audiovisual: definición, características diferenciais e proceso.	B1 B4 C3 C53 C54 C55 C56
Coñecer as características diferenciais dos diferentes formatos que admiten as voces superpostas e as dificultades específicas que expón cada un deles.	B4 C3 C53 C54 C55 C56
Levar a cabo con éxito todas as fases do proceso de voice-over respectando as convencións da modalidade e as restricións temporais. Ademais o alumno será capaz de defender o seu traballo.	B1 B4 B7 B11 B12 C3 C5 C53 C54 C55 C56

Contidos

Tema	
1. Voces superpostas	1.1. Aspectos teóricos e bibliografía recomendada 1.2. Aspectos prácticos
2. Formatos que admiten voces superpostas	2.1. Documentais de divulgación científico-técnica 2.2. Reportaxes e documentais humanísticos 2.3. Realities e extras de cinema
3. Proxecto de dobraxe para voice-over	3.1. Prácticas de voice-over 3.2. Proxecto de voice-over

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas autónomas a través de TIC	10	25	35
Foros de discusión	20	0	20
Titoría en grupo	10	0	10
Actividades introdutorias	2	0	2
Estudos/actividades previas	6	29	35
Traballos e proxectos	0	18	18
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	0	30	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas autónomas a través de TIC	Os contidos teóricos que o alumno deberá asimilar exercitaranse a través de actividades e distintos tipos de exercicios que o alumno realizará individualmente.
Foros de discusión	Nos foros de discusión, poñeranse en común e discutiranse as solucións dadas ás prácticas autónomas.
Titoría en grupo	As titorías grupais (ou individuais, dependendo de se as entregas obrigatorias da materia fanse individualmente ou en grupo) utilizaranse para despexar dúbidas relativas ás encomendas a través das que se avalía a materia e para revisar as mesmas unha vez entregadas.
Actividades introdutorias	Os alumnos contarán cunha presentación power point na que se explica con detalle os obxectivos que se pretenden acadar na materia, o temario, a forma en que se desenvolverá a docencia e os procedementos de avaliación. Ademais, realizarán dúas actividades introdutorias de entrega non obrigatoria para familiarizarse coa modalidade e as súas características.
Estudos/actividades previas	O alumno contará, na plataforma do posgrao, dunha guía cos principais contidos da materia desenvolvidos, así como dunha bibliografía básica de lectura obrigatoria, que debe asimilar co fin de poder realizar con éxito os exercicios prácticos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudos/actividades previas	Dado que o curso ten carácter semipresencial, está prevista unha atención personalizada continuada, ao longo de todo o desenvolvemento da materia, na plataforma virtual da Universidade de Vigo.
Prácticas autónomas a través de TIC	Dado que o curso ten carácter semipresencial, está prevista unha atención personalizada continuada, ao longo de todo o desenvolvemento da materia, na plataforma virtual da Universidade de Vigo.
Foros de discusión	Dado que o curso ten carácter semipresencial, está prevista unha atención personalizada continuada, ao longo de todo o desenvolvemento da materia, na plataforma virtual da Universidade de Vigo.
Titoría en grupo	Dado que o curso ten carácter semipresencial, está prevista unha atención personalizada continuada, ao longo de todo o desenvolvemento da materia, na plataforma virtual da Universidade de Vigo.
Actividades introdutorias	Dado que o curso ten carácter semipresencial, está prevista unha atención personalizada continuada, ao longo de todo o desenvolvemento da materia, na plataforma virtual da Universidade de Vigo.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballos e proxectos	40	B1 C3 B4 C5 B7 C53 B11 C54 B12 C55 C56
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	60	B1 C3 B4 C5 B7 C53 B11 C54 B12 C55 C56

Outros comentarios sobre a Avaliación

As actividades semanais (individuais ou en grupo) son de entrega obrigatoria e requisito indispensable para superar a materia; agás aquelas para as que se indique especificamente entrega opcional.

A participación nos foros é obrigatoria (sin excepcións) e matizará a nota final, tanto positiva como negativamente.

En todos os casos será requisito indispensable para superar a materia obter unha puntuación mínima de 5 puntos no proxecto final.

SEGUNDA CONVOCATORIA:

Aqueles alumnos que non superen a materia poderán presentarse á convocatoria de xulio (calendario oficial da Uvigo). Deberán entregar un dossier coas respostas a todas as cuestións formuladas nos foros e unha serie de actividades breves e un proxecto extenso distinto do realizado por os alumnos que seguiron a docencia e superaron o módulo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Espasa, Eva, "Myths about documentary translation" en Orero (ed.) *Topics in Audiovisual Translation*, 183-197, 1, John Benjamins, 2004

Franco, Eliana; Matamala, Anna; Orero, Pilar, *Voice-over Translation: an Overview*, 1, Peter Lang, 2010

Matamala, Anna, "Main challenges in the translation of documentaries" en Díaz Cintas (ed.) *New Trends in Audiovisual Translation*, 109-120, 1, Multilingual Matters, 2009

Orero, Pilar, "La traducción de entrevistas para voice-over" en Zabalbeascoa, Santamaría y Chau (eds.) *La traducción audiovisual: investigación, enseñanza y profesión*, 1, Comares, 2005

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Aspectos Interculturais da Tradución Multimedia/V01M079V01102

Doblaxe/V01M079V01104

Novas Tecnoloxías e Tradución Multimedia/V01M079V01101

Recursos Documentais para a Tradución Multimedia/V01M079V01103
